

DINÁMICAS PARA A COMPETENCIA SOCIAL ROLE-PLAYING



OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- ★ Practicar, promovendo a empatía, diferentes situacións.
- ★ Escenificar conflitos de forma racional.
- ★ Aprender técnicas de escoita activa.
- ★ Promover un estilo de comportamento asertivo entre o alumnado.

DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

Esta dinámica consiste na escenificación dunha situación, na que as persoas protagonistas teñen a oportunidade de aprender a comunicarse de forma asertiva. É importante ofrecerlles unha serie de pautas:

- ★ Deben poñerse na pel da persoa á que están interpretar (se é tímida, deben comportarse con timidez; se se define como moi amigable e extrovertida deben actuar como tal... deben facer de actores e actrices).
- ★ Deben contar o seu punto de vista con entusiasmo, pensando que lles sucede en primeira persoa.
- ★ Deben ter creatividade, contestando preguntas que quizais non estean respondidas no seu guión, sempre pensando que é a persoa á que interpretan quen está falando.
- ★ A práctica que se lles ofrezca sempre debe ser positiva, dun estilo de comportamento asertivo, non nos interesa que practiquen para comportarse de forma pasiva ou agresiva.

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

- ★ A reflexión desta dinámica dependerá do tema que esteamos a tratar co role-playing.

MATERIAIS

- ★ Copias dos roles de cada unha das persoas intérpretes e, de ser o caso, material para o alumnado espectador.